



Informe-memoria de xestión

da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) no período interasemblar 2022-2023

Na Asemblea Xeral Ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2022, que tivo lugar o 12 de marzo en Santiago de Compostela, aprobáronse por unanimidade as [liñas de acción da asociación para o período interasemblar 2022-2021](#).

O plan de acción aprobado **non se cumpriu na súa totalidade**, pois foi necesario dar prioridade ás accións máis asentadas ou con certa urxencia. Desenvolvéronse accións de xestión cotiá da asociación (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, información sobre convocatorias no marco do proceso de estabilización do emprego temporal etc.) e as que supuñan continuidade dos anos anteriores (formación, LGx15, Agasallo e Premios Mil Primaveras). Respecto de **Agasallo**, durante todo este ano este proxecto desenvolveuse nas redes sociais. Finalizouse a terceira edición dos **Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego** e convocouse a cuarta, que inclúe algunhas modificacións. E na oitava edición do **LGx15** volveuse ao formato anterior á pandemia e á Sala Capitol.

Houbo outras **actividades** que quedaron **pendentes**: non se continuou a elaboración dunha proposta de temario específico para procesos selectivos, con modelos de probas prácticas, nin se modificou o web da CTNL, nin se organizou un acto presencial para celebrar os 25 anos da CTNL.

En definitiva, desenvolveuse unha actividade de continuidade, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, para procurar mellorar o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.



Accións para o cumprimento dos fins da asociación

1. Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e a dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos. As accións máis salientables que se desenvolveron nesta área foron as seguintes:

- Difundíronse no web, a través do boletín e nas redes sociais as **convocatorias de prazas** de técnico/a de normalización lingüística ou similares que se publicaron durante o ano (prazas temporais nos concellos de Cedeira e Val do Dubra, dúas prazas de tradutor/a na Deputación de Ourense e ata 53 prazas de lingua no proceso de estabilización ao abeiro da Lei 20/2021), así como as **convocatorias de subvencións** para a creación, mantemento e reforzo de SNL (deputacións da Coruña e Pontevedra e Xunta de Galicia). En relación coas prazas de estabilización, continuamos co seguimento das convocatorias e coa información dos prazos de inscrición.
- Fixéronse **solicitudes e alegacións** na procura de mellorar as condicións laborais dos/das traballadores/as de normalización da lingua e, en xeral, o traballo a prol da lingua desde as administracións:
 - En xuño presentouse un escrito ao Concello de Val do Dubra para que equiparase a praza de TNL ao grupo A1. Unha solicitude similar tamén se presentou ao Concello de Vilagarcía de Arousa en setembro, con motivo da aprobación da oferta de emprego público de 2022, que incluía a praza de TNL como A2.
 - En novembro presentouse un escrito en cada un dos cinco concellos que conforman o SNL da Mancomunidade da Comarca de Ferrol para solicitarlle a continuación do SNL. Esta solicitude atendeuse e o SNL continúa activo.
 - En febreiro solicitouse aos concellos da Baña e Negreira que recuperasen o SNL e recordóuselles a Rianxo e Arteixo a necesidade de cubrir a praza de técnico/a de normalización lingüística.
- Fíxose **seguimento das axudas convocadas polas deputacións provinciais e a Xunta en materia de normalización lingüística.**



As [axudas da Deputación da Coruña](#) convocáronse o 28 de decembro de 2021, resolvéronse provisionalmente en marzo e definitivamente en maio de 2022. Concedéronse axudas de ata 15 000 euros para o mantemento de 32 SNL, aínda que só 28 estiveron funcionando nalgún período de 2022 (non houbo SNL en Arzúa, Noia, Oroso, Rianxo nin Sada). Tamén se concedeu axuda para o reforzo dos SNL da Coruña e Ferrol.

As [axudas da Deputación de Pontevedra](#) convocáronse o 21 de febreiro de 2022 e resolvéronse en xuño. Concedéronse axudas de 20 000 euros para o mantemento de seis SNL, incluído o do Concello de Valga que se recuperou en 2022. Non se solicitaron axudas nin para creación nin para reforzo de ningún SNL. Por outra parte, desde 2021 a Deputación de Pontevedra separou as axudas á creación, mantemento e reforzo de servizos das correspondentes a actividades (36 axudas concedidas a entidades locais), de forma que os concellos con SNL poden concorrer aos dous tipos de axudas. No entanto, esta separación non propiciou a creación de máis SNL na provincia.

As [axudas da Xunta](#) convocáronse o 30 de marzo de 2022 e resolvéronse en xullo. Concedéronse axudas para o mantemento de 32 SNL e para a creación de tres, que non se aproveitaron. Tamén se concederon 42 axudas para actividades de dinamización lingüística en concellos sen SNL.

2. Promover a formación continua no eido da normalización lingüística

Nas liñas de acción aprobadas figuraba a realización dalgún curso organizado directamente pola CTNL. Escolleuse un curso sobre **márketing e comunicación no ámbito empresarial**.

- [Fundamentos de márketing e comunicación. O idioma como elemento diferenciador](#)
 - Datás: 29 de setembro e 6 de outubro
 - Duración total: 10 horas
 - Lugar: Facultade de Filoloxía (aula B10) da Universidade de Santiago de Compostela
 - Participación: 20 alumnas/os



- Docente: **Xosé Luís Reza**, presidente do Clúster do E-Commerce Galego e presidente fundador de Markea e do Clúster da Comunicación de Galicia. Licenciado en Administración e Dirección de Empresas pola USC, MBA pola Escola de Negocios Caixanova e máster en eBusiness pola Universitat Politècnica de Catalunya.
- Valoración: esta actividade formativa foi ben valorada polo alumnado. Entre os detalles para mellorar, suxeriuse que no futuro se fagan sesións menores da cinco horas diarias. Tamén se botou en falta máis concreción do curso cara á realidade dos SNL.
- Colaboraron: a Secretaría Xeral de Política Lingüística no financiamento e a Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela na cesión da aula.

ESPAZOS DE COLABORACIÓN E ENCONTROS

- Colaborouse cos [XXIV Encontros para a normalización lingüística. Arte e lingua como ferramentas de construción masiva](#)
 - Lugar e datas: tiveron lugar nun formato mixto, con catro entrevistas previas á sesión presencial, realizadas por Fran da Lobeira e Neeumático e emitidas a través das redes sociais do Consello da Cultura Galega e dos propios entrevistadores. A sesión presencial tivo lugar o 20 de outubro consistiu en catro mesas de debate.
 - Organizou: Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega
 - Colaborou: Secretaría Xeral de Política Lingüística
 - [Conclusións](#)

3. Accións de promoción da lingua e de transmisión de ideas:

- **LGx15. Ideas para o futuro da lingua (<https://lgx15.gal/>)**

Experiencias, argumentos, opinións, propostas, palabras, reflexións... Ideas!

A oitava edición do LGx15 volveu á súa sede inicial, a Sala Capitol, no formato das cinco primeiras edicións. Tivo lugar o **27 de outubro de 2022** e a **difusión dos vídeos** realizouse **entre o 18 e o 25 de xaneiro de 2023**.

Interviñeron **nove persoas** para transmitir, a través de oito charlas, ideas e reflexións para influír no uso e prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos.

- Participantes do LGx15 de 2022: Elsa Quintas Alborés, Guido Álvarez Parga, Pradorua e Fabiana Ambroa Ibarruri, Pedro González Boquete, Fátima Barros, Isaac González, Beatriz Busto Miramontes e Olaia Maneiro.

No financiamento deste proxecto, coma noutras edicións, colaborou a Secretaría Xeral de Política Lingüística grazas ao convenio anual que asinamos coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

- **Agasallo. Propostas de regalo en galego**

A plataforma dixital Agasallo.eu, que naceu en 2013 para compilar e difundir propostas de regalos en galego de todo tipo, para todos os gustos e idades, evolucionou no último ano cara a unha **xestión máis sinxela e directa a través das redes sociais**, o que supuxo a supresión do web. O web deixou de actualizarse en decembro de 2021 e desapareceu definitivamente en novembro de 2022.

Hoxe o proxecto mantense activo nas redes ([Facebook](#), [Twitter](#) e [Instagram](#)) e seguimos realizando sorteos periódicos coa colaboración de empresas participantes. Grazas á xestión máis sinxela, o número de publicacións aumentou respecto a outros anos (procurouse chegar a unha media de 20 mensuais), continuáronse sorteando produtos que ficaban pendentes,



recibimos propostas de novas colaboracións (caso de Aira Editorial) e asinamos no mes de febreiro de 2023 un convenio con Puntogal, cuxo inicio está previsto para este mes de marzo.

- **Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego (<https://milprimaveras.gal/>): finalización da terceira edición e convocatoria da cuarta**

En 2022 resolveuse a terceira edición dos [Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego](#), e convocouse a cuarta. Estes premios creáronse coa finalidade de **valorar, recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que teñen como obxectivo principal o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**. Os obxectivos dos Premios Mil Primaveras son:

- Recoñecer o traballo ben feito no ámbito da normalización lingüística.
- Transmitir unha imaxe positiva do labor de promoción do uso e prestixio da lingua.
- Valorar externamente accións, proxectos ou campañas, seleccionar as mellores e sinalalas como modelos que poden ser imitados.
- Difundir o traballo que se realiza a prol da lingua galega.

Os proxectos premiados na terceira edición foron os seguintes:

- Premio ao mellor proxecto estabilizado: **Do berce á rúa** (SNL de Narón)
- Premio ao mellor proxecto novo: **CantámOLA en galego** (SNL de Pontevedra)
- Premio á mellor comunicación e impacto: **Twitter en galego e Instagram en galego**
- Premio ao proxecto máis innovador: **Somos xogo** (Xandobela. Educación e Cultura).
- Premio ao mellor proxecto de fomento do galego na infancia e/ou mocidade: **Galego para boomers** (IES Leiras Pulpeiro de Lugo).



- Premio ao mellor proxecto de fomento do galego nun ámbito sectorial:
Media Laranxa (Media Laranxa).

O [acto de entrega](#) dos III Premios Mil Primaveras tivo lugar na Igrexa do Convento de Santa Clara de Pontevedra o 11 de xuño de 2022, grazas á colaboración do Concello de Pontevedra. O acto conduciuno María da Pontragha, actuación sufragada ao abeiro do programa Pontegal da Deputación Provincial de Pontevedra.

Na convocatoria da cuarta edición realizáronse algunhas modificacións:

- Reducíronse o número de premios a catro.
- Suprimíronse as categorías.
- Aumentáronse os anos de vixencia dos proxectos a catro, neste caso, 2019, 2020, 2021 e 2022.
- E adiantouse o inicio do prazo de inscrición.

O prazo de inscrición abriuse o 21 de setembro de 2022 e pechouse o 31 de xaneiro de 2023, e presentáronse 35 proxectos.

En todas as edicións deste premio **colaborou a Deputación Provincial de Pontevedra** a través dunha liña de axudas dirixida a asociacións para desenvolver proxectos de dinamización lingüística.

- **Outras accións**

O 16 de decembro de 2022, Anxos Sobriño participou nunha xornada formativa en Oviedo dirixida a técnicos/as de normalización lingüística de Asturias e organizada pola Dirección Xeneral de Política Llingüística do Principado. Na intervención presentou a CTNL e os proxectos que desenvolve e analizou a situación dos SNL en Galicia (tipoloxía, situación laboral, e traballo colaborativo). Tamén participaron na xornada Ana Iglesias, que analizou a situación sociolingüística e a política lingüística galega, e Elisardo López Varela, que presentou os EDLG.

Accións organizativas e de comunicación

- Mantívose a cota dos/das socios/as como nos últimos anos, sen ningún incremento.
- Renovouse o seguro de responsabilidade civil.
- Nas comisións e plataformas de que forma parte a CTNL fixéronse propostas en positivo na procura de conseguir que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momentos a CTNL forma parte de:
 - Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG)
 - Consello Municipal da Lingua do Concello de Vigo (froito da fusión entre o Consello Social da Lingua e a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, da cal formaba parte a CTNL). Esta entidade non se reuniu durante o ano 2022.
 - Plataforma Queremos Galego
- Mantívose contacto permanente con diversas entidades e colectivos para o intercambio de visións, ideas, propostas etc.
- Renovouse convenio de colaboración coa SXPL para o desenvolvemento de accións normalizadoras, que este ano incluíu o LGx15 e a realización dun curso.
- Solicitouse unha axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a finalización da terceira edición dos Premios Mil Primaveras e para a convocatoria da cuarta.
- Con respecto á **comunicación e visibilidade** da asociación:
 - **Webs:** mantívose actualizado o [web da CTNL](#), onde se anunciaron convocatorias de prazas e axudas, campañas, formación, etc.
 - **Boletín electrónico:** para mandar o boletín emprégase a **plataforma en liña MailChimp**, que permite o envío a un número grande de enderezos electrónicos e mesmo facer un seguimento das mensaxes abertas, que non chegan aos enderezos de destino, etc. Durante o período interasamblear enviáronse aproximadamente **30 boletíns**.
 - Mantívose algunha presenza da CTNL en **medios**, principalmente nos medios dixitais en galego (*Nós Diario, Nós Televisión, Galicia Confidencial, GCiencia,*



Código Cero, Xornal da Coruña...), que recolleron algunha da información que se lles trasladou sobre accións e campañas.

- Continuou a presenza nas **redes sociais**, tanto a través das páxinas e perfís propios da CTNL (Facebook, Twitter, YouTube e desde novembro tamén Instagram) como das específicas de accións e campañas concretas. Algunhas cifras das redes sociais (actualizadas o 22 de febreiro de 2023):
 - Seguidores/as FB CTNL: 5315 (+7)
 - Seguidores/as Twitter CTNL: 5344 (+292)
 - Subscritores/as YouTube da CTNL: 1690 (+150)
 - Seguidores/as Instagram CTNL: 360
 - Seguidores/as FB LGx15: 2913 (+477)
 - Seguidores/as FB Agasallo: 6644 (+222)
 - Seguidores/as Twitter Agasallo: 2661 (+219)
 - Seguidores/as Instagram Agasallo: 479 (+297)

Proxectos inactivos:

- Seguidores/as FB Como cho digo ;-): 4308 (-40)
- Seguidores/as Twitter Como cho digo ;-): 1993 (-13)
- Seguidores/as FB Gústame o galego: 15 018 (-150)
- Seguidores/as Twitter Gústame o galego: 5993 (-119)

Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL

Pontevedra, 22 de febreiro de 2023